



Expediente: 2020/C003/000001

Asunto: Valoración da xustificación das ofertas anormalmente baixas presentadas ao contrato de obras de construción dunha senda peonil en Veigue

1. Antecedentes

A mesa de contratación da obra de construción dunha senda peonil en Veigue acordou, na sesión celebrada o 1 de decembro de 2022, requirir as empresas Construcciones Alejandro Martínez e Hijos S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. y López y Leis S.A. a xustificación das súas ofertas económicas anormalmente baixas e dar traslado, unha vez recibidas as xustificacións, aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

Transcorrido o prazo concedido pola administración, as empresas Construcciones Alejandro Martínez e Hijos S.L. e Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. non presentaron a documentación requirida.

O 13 de decembro de 2022 solicítase o informe técnico por parte da unidade de contratación.

2. Análise da documentación presentada

O apartado 15.4.3 do PCAP que rexe a licitación obxecto do presente informe, dispón que serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma:

- Xustificación dos prezos ofertados.
- Volume de obra.
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

E, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permite o procedemento ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
- d) O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- e) A posible obtención dunha xuda do Estado.

O apartado 15.4.4 do PCAP que rexe a licitación obxecto do presente informe, dispón que os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, deberán presentar para xustificar a oferta a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados

A. Materiais

A.1. Compra



- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares.

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público.

B. Maquinaria

B.1. Alugueiro e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2. Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo nivel de detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e o volume de obra contratada:

Xustificarse mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada.

4. Cumprimento das Obrigas Salariais

Presentarase declaración e xustificación e xustificación de cumprimento de obrigas salariais con traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

2.1. López y Leis S.A.

A empresa López Leis S.A. presenta documentación xustificativa da oferta presentada co seguinte contido:



Concello de Sada

Servizos Técnicos Municipais

Av. do Porto 24
Sada (15160), A Coruña
Teléfono: 981 902 179
Fax: 981 624 853

- Orzamento de contrata desagregado por unidades de obra.

A documentación presentada pola empresa non se axusta ao especificado no apartado 15.4.4 do PCAP.

Proponse non aceptar a xustificación da oferta económica presentada pola empresa.

E para que conste aos efectos oportunos asino o presente informe.

En Sada, na data da sinatura dixital.

O arquitecto municipal.